| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Técnicas Gráficas** | | | | |
| Materia | Técnicas Gráficas | | | |
| Código | P01G010V01305 | | | |
| Titulación | Grao en Belas Artes | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OB | 2º | 1c |
| Lingua de impartición | Castelán | | | |
| Departamento | Debuxo | | | |
| Coordinador/a | Heyvaert , Ann | | | |
| Profesorado | Castro Muñiz, Jose<br>Heyvaert , Ann | | | |
| Correo-e | | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | A materia Técnicas Gráficas centra a súa docencia no razoamento e produción de imaxes multiplicables por métodos tradicionais, a partir de matrices e a súa estampaxe.<br>Coa ideación e a realización de imaxes gráficas a través dun proxecto evolutivo, preténdese que o alumno se achegue aos conceptos propios da obra gráfica, que coñeza os diferentes procedementos e recursos básicos de gravado e estampaxe e que desenvolva a súa capacidade de experimentación, ademais de impulsalo a formular os seus intereses artísticos e a desenvolver a súa propia linguaxe en relación coas outras materias do curso. | | | |

| Competencias de titulación | |
|---|---|
| Código | |
| A2 | Comprensión crítica da evolución dos valores estéticos, históricos, materiais, económicos e conceptuais. Analizar a evolución dos valores da arte desde unha perspectiva socioeconómica e cultural |
| A5 | Coñecemento da teoría e do discurso actual da arte, así como o pensamento actual dos artistas a través das súas obras e textos. Actualizar constantemente o coñecemento directo da arte a través dos seus propios creadores |
| A6 | Coñecemento do vocabulario, códigos, e dos conceptos inherentes ao ámbito artístico. Coñecer a linguaxe da arte |
| A7 | Coñecemento do vocabulario e dos conceptos inherentes a cada técnica artística particular. Coñecer a linguaxe creativa específica |
| A9 | Coñecemento de métodos de produción e técnicas artísticas. Analizar os procesos de creación artística |
| A12 | Coñecemento dos materiais e dos seus procesos derivados de creación e/ou produción. Coñecer os materiais, procedementos e técnicas que se asocian a cada linguaxe artística |
| A17 | Coñecemento dos diferentes axentes artísticos e o seu funcionamento. Identificar os distintos intermediarios artísticos e as súas funcións na dinámica da arte e a súa metodoloxía de traballo |
| A19 | Capacidade para identificar e entender os problemas da arte. Establecer os aspectos da arte que xeran procesos de creación. |
| A31 | Capacidade para xerar e xestionar a produción artística. Saber establecer a planificación necesaria nos procesos de creación artística. |
| A32 | Capacidade de aplicar profesionalmente tecnoloxías específicas. Utilizar as ferramentas apropiadas para as linguaxes artísticas propias |
| A42 | Habilidades para a creación artística e capacidade de construír obras de arte. Adquirir as destrezas propias da práctica artística |
| A43 | Habilidade para establecer sistemas de produción. Desenvolver estratexias aplicadas ao exercicio sistemático da práctica artística |

| Competencias de materia | |
|---|---|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
| Coñecementos básicos dos materiais, útiles e dispositivos do gravado e a estampaxe. | A6<br>A7<br>A9<br>A12 |

| | |
|---|---|
| Coñecementos históricos básicos do gravado. | A5<br>A6<br>A7 |
| Coñecementos básicos dos procesos, procedementos e técnicas do gravado. | A9<br>A12 |
| Coñecementos básicos dos procesos de edición. | A9<br>A12 |
| Coñecementos básicos do vocabulario e dos códigos da disciplina. | A6<br>A7 |
| Coñecemento dos fundamentos teóricos e históricos da obra do gravado e das técnicas de estampaxe. | A5 |
| Capacidade de comprensión dos procesos asociados ao gravado e á estampaxe. | A9<br>A12 |
| Capacidade de aplicar con creatividade procesos, técnicas e sistemas de gravado e estampaxe. | A31<br>A32 |
| Capacidade de comprender as implicacións da multiplicidade na creación artística. | A2<br>A17<br>A19 |
| Habilidade no uso de ferramentas e recursos do medio nun nivel básico. | A42<br>A43 |
| Habilidade para xerar sistemas de produción do gravado. | A42<br>A43 |
| Habilidade na integración creativa dos diferentes procesos técnicos. | A42<br>A43 |

## Contidos

| Tema | |
|---|---|
| I. Gravado e estampa. Principios referentes á obra gráfica. | - Introdución aos procedementos e pensamentos propios das técnicas gráficas para a creación de imaxe múltiple e seriada. Noción de obra orixinal múltiple.<br>- Aproximación aos conceptos de gravar, incidir, recordar, escribir, debuxar, deixar pegada, etc. - Historia, vocación e evolución das técnicas gráficas.<br>- Terminoloxía, nomenclatura, etc.<br>- Explicación dos diferentes procedementos manuais e das súas linguaxes.<br>- A experimentación e a multiplicación como base dun proxecto gráfico evolutivo. Repetición, transformación, seriación, evolución, etc. |
| II. Ideación e elaboración dun proxecto gráfico. | - Presentación dun proxecto teórico-práctico tendo en conta as características conceptuais da arte gráfica.<br>- Por que unha obra estampada, reproducible (ou non), múltiple, seriada□?<br>- Idear un proxecto evolutivo a través da elaboración e transformación da/s matrices e dos diferentes recursos na estampaxe, cun mínimo de dez estampas.<br>- Elaboración dunha memoria teórica. Elaboración do proxecto:<br>- Presentación e bosquexos previos<br>- Investigación teórica e busca de referencias - Planificación da produción.<br>- Elaboración dun proxecto teórico. |

| | |
|---|---|
| III. Produción  experimentación.<br>Para a produción dos proxectos valoraranse diferentes recursos apropiados a cada linguaxe e proxecto conceptual, a partir dunha matriz a prancha perdida ou coa combinación de varias matrices e a súa estampaxe con múltiples recursos. Realización dun conxunto ou serie de estampas na idea de proxecto evolutivo (multiplicación-transformación). | Produción (elaboración da/s matrices e a súa estampaxe):<br> Xilografía sobre contrachapado, dm ou linóleo. - Proxecto a unha soa cor<br>- Varias cores a prancha perdida.<br>- Maneira negra<br> Gravado calcográfico ou procesos directos sobre metal, PVC, metacrilato...<br>- Punta seca (liña e mancha).<br>- Maneira negra<br>- Aditivas. Carborundo. Vernices ou procesos indirectos (por medio de ácidos).<br>- Augaforte (liña e valores con tramados)<br>- Técnicas de levantado e augatinta (mancha) ou procesos directos sobre metal, PVC, metacrilato... ou ben técnicas con aditivos, collagraph, sobre cartón, madeira...<br>- Aglutinantes, adhesivos e materiais de carga. - Efectos e texturas con collage.<br> Recursos de estampaxe (en negro e cores)<br>- Tinguido e limpeza das matrices segundo os resultados buscados (contrastado, entrapado, ton de placa, à la poupée).<br>- Re-estampaxe<br>- Tinguido en oco e relevo, método Hayter.<br>- Tinguido de modelos, recortes, reservas, chine collé.<br>- Estampaxe sobre diferentes papeis.<br> Elección e preparación dos papeis.<br> Secado e prensado.<br> Presentación final nunha carpeta. Cada estampa coa su ficha técnica. |

## Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Sesión maxistral | 10 | 15 | 25 |
| Proxectos | 10 | 20 | 30 |
| Prácticas de laboratorio | 40 | 55 | 95 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|---|
| Sesión maxistral | Exposicións teóricas acerca dos principios referentes á obra gráfica: pensamentos e procedementos.<br>Apoio audiovisual: procedementos técnicos e visualización de obras.<br>- Historia da Arte e creación contemporánea.<br>- Visualización de traballos de alumnos anteriores. |
| Proxectos | Seguimento individual e en grupo:<br>- dos pre-proxectos e dos bosquexos (caderno de campo)<br>- do proxecto teórico (marco conceptual e referencias doutros artistas). Orientación bibliográfica da planificación e produción do proxecto (realización da/s matrices, proceso de estampaxe e presentación final). |
| Prácticas de laboratorio | - Demostración práctica dos diferentes procedementos.<br>- Seguimento da realización da/s matriz/ces e da súa modificación-evolución (a prancha perdida e novas pranchas complementarias)<br>- Seguimento dos procesos de estampaxe (estampaxe dos diferentes estados da/s matriz/ces e variacións con diferentes recursos).<br>- Recomendacións para a presentación final. |

## Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Proxectos | Proxectos: - Seguimento individual do proxecto en todas as súas fases dentro do marco conceptual da materia. (Ver metodoloxía). - Tutelar e asesorar a súa investigación teórica e orientar a súa busca de referencias. - Impulsar o alumno a formular os seus intereses artísticos e a desenvolver a súa propia linguaxe en relación coas outras materias do curso. Prácticas de laboratorio - Seguimento práctico personalizado para a produción do proxecto. - Seguir a evolución teórico-práctica do proxecto, a súa planificación e a súa realización técnica ata a súa presentación final. - Orientar e aconsellar na elección dos procedementos técnicos apropiados a cada proxecto e linguaxe persoal. - Controlar o bo manexo das ferramentas e maquinaria para unha aplicación óptima dos procesos. - Fomentar e encamiñar a capacidade de exploración e experimentación do alumno. |

| | |
|---|---|
| Prácticas de laboratorio | Proxectos: - Seguimento individual do proxecto en todas as súas fases dentro do marco conceptual da materia. (Ver metodoloxía). - Tutelar e asesorar a súa investigación teórica e orientar a súa busca de referencias. - Impulsar o alumno a formular os seus intereses artísticos e a desenvolver a súa propia linguaxe en relación coas outras materias do curso. Prácticas de laboratorio - Seguimento práctico personalizado para a produción do proxecto. - Seguir a evolución teórico-práctica do proxecto, a súa planificación e a súa realización técnica ata a súa presentación final. - Orientar e aconsellar na elección dos procedementos técnicos apropiados a cada proxecto e linguaxe persoal. - Controlar o bo manexo das ferramentas e maquinaria para unha aplicación óptima dos procesos. - Fomentar e encamiñar a capacidade de exploración e experimentación do alumno. |

## Avaliación

| | Descrición | Cualificación |
|---|---|---|
| Sesión maxistral | Valorarase:<br>- a asistencia a clase e a atención activa.<br>- a intervención ao final das leccións con preguntas ou comentarios.<br>- a participación nos seminarios e debates, así como a colaboración a partir da investigación persoal.<br>- a correcta aplicación dos contidos das sesións no proxecto teórico e práctico. | 10% |
| Proxectos | Presentación dunha pequena memoria/proxecto teórico:<br>Valorarase, por unha parte, a motivación teórica del proxecto e, pola outra, a súa planificación e produción (durante as prácticas de laboratorio).<br>- Sistema de avaliación continua ata a entrega da memoria.<br>Criterios de avaliación:<br>- Comprensión dos conceptos propios da obra gráfica múltiple, expostos nas clases maxistrais e nos seminarios participativos.<br>- Capacidade de análise e de relación entre os diferentes contidos e a súa aplicación para o seu propio proxecto.<br>- Claridade de expresión na exposición.<br>- Ampliación dos coñecementos e das referencias artísticas.<br>- Uso correcto da terminoloxía propia e das citas.<br>- Orixinalidade e rigor na presentación do tema. | 20% |
| Prácticas de laboratorio | Entrega dunha carpeta coas estampas realizadas, seguindo a idea de proxecto evolutivo (multiplicación-transformación).<br>Valorarase a produción do proxecto, a súa planificación, realización e presentación segundo os criterios seguintes:<br>Criterios de avaliación xerais:<br>- Sistema de avaliación continua e dos traballos entregados (carpeta cun mínimo de 10 estampas, tamaño de matriz entre A4 e A3).<br>- O interese artístico das imaxes estampadas. O alumno terá a opción de establecer un debate dentro do grupo da clase en defensa da valoración do seu traballo. En caso contrario, o profesor valorará este aspecto unilateralmente.<br>- A comprensión e utilización correcta dos procesos técnicos, tanto na elaboración e evolución das matrices como na súa correcta estampaxe. Valorarase a complexidade dos procedementos empregados.<br>- A adecuación dos procedementos que se utilicen ao proxecto e linguaxe propios.<br>- A planificación e realización das diferentes etapas do proxecto evolutivo.<br>- A capacidade de experimentación e a curiosidade investigadora do alumno.<br>- A coherencia ou incoherencia de todos os exercicios do alumno.<br>- A asistencia a clase.<br>- A participación na dinámica da clase, tanto en tarefas de organización (limpeza, adquisición e bo uso de materiais colectivos, etc.) como en noutras posibles colaboracións co grupo de clase. | 70% |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación continua, mediante entregas parciais (precisaranse durante o cuadrimestre), así como unha entrega final na convocatoria de febreiro: do 21 de xaneiro ao 3 de febreiro:

• Unha memoria que desenvolva o proxecto teórico
• Unha carpeta coa serie de estampas.

Cando o alumno non acade o nivel esixido ou non se presente ás convocatorias de avaliación do curso, poderá presentarse coa mesma entrega (memoria e carpeta completa) á:
PROBA DE AVALIACIÓN CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XULLO: 7 DE XULLO ÁS 10.00 HORAS

## Bibliografía. Fontes de información

**Historia de un arte. El grabado**, Ed. Skira. Carroggio,

Martín, Judy., **Enciclopedia de técnicas de impresión**, Ed. Alcanto, Barcelona, 1994,

Catafal Rull, Jordi y Oliva Fábregas, Clara, **El Grabado**, . Ed. Parramón, 2002,

Dawson, Michel, **Guía completa de Grabado e impresión**, Ed. H. Blume, Madrid, 1982.,
Chamberlain, Walter, **Grabado en madera y técnicas afines**, Ed. H. Blume, Madrid,1988,
BELLIDO Zambrano, Ana, **El grabado no tóxico en la escuela**,
RAMOS GUADIX, Juan Carlos, **Técnicas aditivas en el grabado contemporáneo**, Universidad de Granada, 1992.,
**Premio nacional de grabado**, Calcografía nacional,
**Obra gráfica**, Fundación CIEC Betanzos,
**- Repetición/Transformación**, Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, Madrid, 1992,
Gilles Deleuze, **Diferencia y repetición**, Madrid : Júcar, 1988,
- NOYCE, Richard, **Printmaking at the edge**, A&C Black (London), 2006,

## Recomendacións

### Materias que continúan o temario

Produción Artística: Imaxe II/P01G010V01602
Proxectos Gráficos Dixitais/P01G010V01908
Traballo Fin De Grao/P01G010V01991

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Expresión Artística. Debuxo-Forma/P01G010V01102